

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 838 /2015.

Visto que o 15 de decembro do 2015 rexístrase de entrada a credencial de concelleiro electo de don Francisco García Dios, e dado que este ten que tomar posesión ante o Pleno da Corporación Municipal, e

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación Municipal que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **22 de decembro de 2015 (martes) ás 13:00 horas**, coa seguinte orde do día:


Único.- Toma de posesión do concelleiro electo don Francisco García Dios.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 18 de decembro de 2015

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante mín

A Secretaria



Asdo. Ana María Ares Álvarez